

Ramiro Fonte: «Tiven a ousadía de querer reinventar a humanidade»

[Ramón Loureiro](#) Ferrol

Ramiro Fonte cumpriría hoxe 60 anos, e precisamente hoxe comezan, tamén, na súa vila natal, Pontedeume, os actos dedicados á súa memoria; con tal motivo, La Voz recupera a súa última gran entrevista, publicada no suplemento Culturas o día 23 de xuño do 2008.

7 de setembro de 2017

Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957- Barcelona 2008) levaba, en xuño do 2008, varios meses en Barcelona, onde estaba sendo tratado da súa enfermidade. «¡Estou resucitando, resucitando...!», repetía o escritor, con voz moi débil, paseando polo barrio de Corts, que daquela tamén era para el unha casa chea de xente. «Todos os médicos están sorprendidos coa miña evolución, cos resultados das análises que me van facendo», engadía Fonte, tras enviarlle un millón de abrazos por teléfono á anónima voz amiga que o chamaba desde Lisboa para saber cómo se encontraba. Chamábano constantemente para iso, aquela mañá, e tamén para felicitalo polo último recoñecemento que viña de recibir: o Premio Porto Magno ao conxunto da súa obra, concedido polo Ferrol no que o poeta pasara boa parte da súa xuventude. Esta é a conversa que o suplemento Culturas de La Voz publicou o día 21 daquel mesmo mes. O poeta sentíase especialmente conmovido porque, ao cumprirse os 150 anos da concesión do título de cidade a Ferrol, ese Ferrol, outra das capitais da súa particular xeografía, o premiase.

-Un Ferrol que tamén está moi presente na súa obra.

-¡Si, si...! Eu teño escrito moitísimo sobre Ferrol. Está moi presente, por exemplo, na miña poesía, incluso nalgúns dos meus poemas favoritos. Pero tamén na miña prosa. Moitísimas das páxinas da reconstrución da miña memoria remiten a Ferrol, que é unha cidade á que lle teño un gran cariño. E é quizais a cidade máis descoñecida de Galicia, cunha mala prensa totalmente inmerecida. Eu son un grande defensor da ilustración e do liberalismo, e entón non podo esquecer que tanto unha coma outro entraron en Galicia basicamente por Ferrol. Ademais, esa é a cidade dos meus primeiros amores, dos que despois se recordan durante toda a vida.

-Máis tarde habitou tamén outras cidades: Londres, Lisboa...

-Claro. Pero antes desas cidades que ti dis houbo ademais na miña vida outra Galicia diferente da do norte, a Galicia do sur, á que tamén estiven moi vencellado. Pero agora, cando vivo un dos máis dolorosos capítulos da miña existencia, non podo esquecer lugares como ese cabo Prior ao que eu peregrino cada 25 de Nadal para emocionarme ante a súa paisaxe. É un dos lugares áis

fermosos do mundo. Un deses espazos aos que un se vai vinculando, conforme o tempo pasa, secretamente.

-A súa infancia transcorreu non demasiado lonxe de alí, no seu Pontedeume...

-No mesmo Pontedeume ao que lle dediquei 1.300 páxinas, que aí quedan. Nesas páxinas miñas fun recuperando a infancia, humildemente, e facendo revivir a moita xente morta. E creo, con toda a modestia, que niso hai algo de sagrado. Pontedeume é unha vila perfecta.

-Perfecta, ¿en que sentido?

-Quero dicir que é unha vila con historia, con sentimentos, cunha galería inmensa de personaxes. A vila coa que eu tiven a ousadía de querer reinventar a humanidade. Pero, ¡ollo!, igual que che digo que iso é unha ousadía, tamén digo que reinventar a humanidade é unha obriga para calquera artista que busque a verdade. No meu caso, a través das palabras.

-¿E o río Eume? ¿Que lugar ocupa ese río, Ramiro, no seu particular imaxinario?

-Home, o Eume é o río que eu vexo, de neno, chegar ao mar. Así que para min, en certo sentido, é o río doméstico. Foi de adulto cando descubrín que tamén el tiña un carácter sagrado. Cando fun achegándome aos seus misterios.

-¿Por exemplo...?

-O mosteiro de Caaveiro. San Rosendo. Os escapados. ¡Ata as xornadas de pesca [ri] daquel terrible caudillo Francisco Franco...! Eu, niso dos ríos, tamén son moi rosaliano...

-Gústalle, máis que os grandes ríos, os «regatos pequenos».

-Exactamente. A min gústanme os pequenos regatos máis que os ríos grandes. E en especial ese río pequeniño que é o Covés.

-Un regato que chega ao esteiro do Eume, onde non é raro ver garzas que ás veces parecen anxos.

-Si, o noso Covés, ese mesmo. Que realmente nin sequera se pode dicir que sexa un afluente do Eume, porque desemboca onde o río maior xa case é mar. ¿Pensaches algunha vez niso, en como se vai facendo mar o Eume...?

-Tenme contado vostede algunha vez que cando vivía en Londres, e cando alí contemplaba o Támesis, lembrábase moito do seu Pontedeume.

-É certo. Pero era por iso que agora che dicía, pola maneira na que o río se converte en mar. Porque hai algo no aire, un olor que vén coas mareas, que fai que te lembres moito de Galicia aínda que esteas en Inglaterra. Teño convivido bastante con grandes ríos, si. Pola miña orixe, moi humilde, chamábame a atención o que de cosmopolita cría atopar neles, pero sempre os vin doutra maneira... Eu acórdome moito da prosa de Conrad, das primeiras páxinas da súa viaxe ao corazón da escuridade, de cómo el percibe perfectamente que o río que conduce á barbarie non é só ese río africano, porque o Támesis, tan da civilización, leva á barbarie da mesma maneira, aínda que se trate dunha barbarie diferente...

-¿Que opinión lle merece o tempo que nos tocou vivir?

-Agora mesmo todo é moi global, todo está moito máis cerca do que antes o tivemos...

-Pero as grandes cuestións seguen a ser as mesmas...

-Por suposto. E hoxe estou convencido de que a guerra que acaban de padecer en Iraq é a mesma guerra que Mesopotamia viviu hai miles de anos. E creo tamén que os que no XIX falaban de utopías acabaron por enganarnos. O home é moi fráxil fronte á historia, e a nosa inmensa debilidade faise patente fronte ao tempo. Non se debe insultar ao Ceo.

-Esta mañá, aquí en Barcelona, contábanme que está relendo vostede a Josep Pla.

-Releo, si, pero agora fágoo na súa lingua orixinal. Estou prescindindo das traducións. Buscando as palabras que utilizou cada autor. O que me pasaba con Pla é que tiña un coñecemento del bastante fragmentario. Agora vexo que sen ningún xénero de dúbidas foi un dos grandes prosistas do século XX. Sinto unha gran admiración pola súa obra. Un, sobre todo coas lecturas, vai construíndo a súa propia familia literaria. E eu síntome parte da familia e Pla.

-¿E a quen máis ten nesa outra familia súa?

-¡Hai moita xente, aí...! Verás, é que non quero parecer pedante. Pero en primeiro lugar teño que citar de novo a Rosalía. Tamén a Valle, que para min é o gran scritor galego do pasado século, con independencia da lingua na que se expresase. Interésame moito un certo Baroja. Interésame, naturalmente, Pessoa. Interésame Machado. E Eça de Queiroz...

-Pensei que tamén me a citar hoxe a Faulkner e a Cunqueiro.

-Faulkner, como ti sabes, tenme interesado moitísimo, e volvíno ler en inglés, pero o que ocorre é que a día de hoxe xa vexo que moitas das cousas que buscaba nel téñoas en Valle. E con Joyce ocorreume o mesmo. En canto a Cunqueiro, claro que me segue gustando, pero creo que o mellor Cunqueiro é o que escribiu en castelán, o dos artigos; porque o gran estilo, en contra do que se cre a iúdo, no é o da escritura chea de subordinacións, senón o da claridade. Ese que parece tan fácil de construír, e que en cambio é todo o contrario, calquera cousa menos sinxelo. A miña visión sobre algúns autores foi ambiando, pero sigo sendo moi fi el ás miñas lecturas de infancia. Igual que son moi fi el a todos os amigos daquel tempo. A traizón é algo que a min sempre me doeu especialmente.

-A súa obra é, desde hai anos, unha referencia constante para a mellor crítica literaria galega. ¿Que visión ten vostede do que ata hoxe leva escrito

-Hai algunhas páxinas que non debería ter publicado. Pero, en fin, o feito está aí. Sempre traballei co máximo nivel de esixencia, labrando co maior dos coidados cada frase. Por sorte, teño bo oído. Con todo, non son un escritor profesional. A miña obra pode ter un certo prestixio entre algúns sectores, pero non tivo éxito; paguei cara a miña independencia. Ademais, nunca fun deses que van pregoando por todas partes a súa mercadoría. E desde rapaz mostreime moi crítico cun medio cultural tremendamente caciquil. Nin sequera creo niso que haman o sistema literario galego. Aínda así, tiven satisfaccións bastante maiores. Como ver a maneira na que me len os veciños do meu pobo, sentir o seu afecto sincero.

-Pero vostede fai que a literatura galega sexa máis grande...

-Non o sei. E escribo en galego, mais tamén digo que as linguas nunca poden ser para restar. En todo isto hai moito fariseísmo. ¡Oxalá puidese escribir en castelán unha novela como La Regenta! Quizais non teña tempo xa, pero eu non necesito nada. E hoxe, aínda menos. Neste momento, o que valoro é ter amigos que me chaman para dicirme que acenderon por min unha candea.